

**CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A REALIZACIÓN EN GALICIA DO ENSAIO CLÍNICO ALEATORIZADO, PRAGMÁTICO, PARA AVALIAR A EFICACIA DA VACINA ANTIGRI PAL TETRAVALENTE DE DOSE ALTA FRONTE Á VACINA ANTIGRI PAL TETRAVALENTE DE DOSE ESTÁNDAR EN ADULTOS DE 65 A 79 ANOS (GALFLU: CLINICAL ASSAY)**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela formalizaron o día 11.10.2023 o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abarca dende a data da súa sinatura e ata o 31.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) para a realización en Galicia do ensaio clínico aleatorizado, pragmático, para avaliar a eficacia da vacina antigripal tetraivalente de dose alta fronte á vacina antigripal tetraivalente de dose estándar en adultos de 65 a 79 anos (GALFLU: CLINICAL ASSAY).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) é unha entidade sen ánimo de lucro que persegue fins de interese xeral, e que ten como obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en ciencias da saúde, e que se atopa incluída entre as entidades beneficiarias do mecenado relacionadas no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de de Saúde Pública, ten entre os seus obxectivos a prevención, promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública. Este órgano directivo ten adscrita ademais a Escola Galega de Saúde Pública, creada mediante o Decreto 86/2022, do 19 de maio, polo que se establecen a creación e o marco normativo regulador

das actividades da Escola Galega de Saúde Pública, como unha iniciativa orientada a fomentar a formación e investigación científica en materia de saúde pública necesaria para dar resposta aos desafíos e perigos para a saúde da poboación e perante ameazas sanitarias globais.

O Servizo Galego de Saúde, pola súa banda, é o organismo autónomo que, segundo o disposto na súa lei de creación (Lei 1/1989, do 2 de xaneiro) ten como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de todos os recursos sanitarios e asistenciais, polo que a súa participación é esencial para poder levar a cabo os compromisos derivados do presente convenio.

Por todo o anterior, as partes que interveñen no presente convenio consideran de interese común levar a cabo as accións oportunas para a realización do ensaio clínico GALFLU no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia, necesarias para seguir garantindo a debida protección da saúde pública e cumprir cos principios reitores do dito sistema, recollidos no artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, entre os que se atopan os de prevención da enfermidade; calidade dos servizos e mellora continua; seguridade, efectividade e eficiencia no desenvolvemento das actuacións, as cales deben basearse na evidencia científica dispoñible; e o de promoción da investigación básica e clínica do ámbito das ciencias da saúde cun carácter traslacional á práctica clínica.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

